

## Á Mesa da Comisión 2ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, sobre o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia dunha normativa específica concreta en materia de valorización dos residuos procedentes da construción destinados a operacións de restauración de espazos afectados por actividades mineiras.

### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación aos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais e con relación ás instalacións xa existentes, a:

1. Cumprir o mandato da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en canto á obriga do máximo respecto á preservación dos valores que lle son propios, nunha aposta decidida pola explotación e xestión sustentable dos recursos naturais e co fin de que todas as instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais sexan garantas respecto da protección do medio ambiente e conteñan plans de restauración fiables e efectivos.
2. Establecer un control exhaustivo e periódico das xa existentes instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos preto de zonas residenciais, procedendo á apertura dos procedementos sancionadores cando sexa preciso e dando traslado ao Ministerio Fiscal naqueles supostos nos que se superen os límites recollidos en cada unha das Autorizacións Ambientais Integradas (AAI).
3. Modificar o apartado 9.1.3.A (Criterios de Emprazamento, Xerais) do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022, no seguinte senso: “As instalacións de xestión, salvo as referentes á eliminación de residuos en vertedoiro, localizaranse en polígonos industriais”. “Distancia a núcleos de poboación e outras actividades e servizos. Buscarase que a localización proposta garanta a compatibilidade da nova infraestrutura ou ampliación da existente, cos



usos existentes e a contorna, mediante a aplicación das medidas correctoras que se requiran. En todo caso, as novas instalacións non se poderán situar a unha distancia inferior a 2.500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 1.000 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno.”

4. Establecer convenios con aqueles concellos que non dispoñen de medios suficientes para financiar as actuacións relativas aos informes que teñan a obriga de emitir (como os que se refiran á compatibilidade urbanística dos proxectos) respecto destas instalacións de xestión e tratamento de residuos.

5. Impulsar a total execución das partidas orzamentarias destinadas anualmente á restauración de minas e calquera planta de tratamento e xestión.

Pazo do Parlamento, 13 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 13/05/2019 16:59:35**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/05/2019 16:59:54**

